



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 4 DE FEBREIRO DE 2026

### **PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

### **MEMBROS:**

CARMELA PRIETO CAL  
JESÚS ROMERO CARRACELAS  
LUCÍA PICOS ANEIROS  
ISMAEL DURÁN BEREIJO  
XULIO CRIBEIRO GARCÍA  
PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ  
OLGA IGLESIAS BEREIJO  
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA  
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ  
NOEL LÓPEZ LÓPEZ  
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ  
Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

### **SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

### **INTERVENTORA:**

Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:03 horas do día 4 de febreiro de 2026, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 27.11.2025 E DOS EXTRAORDINARIOS DE DATAS 19.06.2025 E 10.09.2025**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións de datas 27.11.2025, 19.06.2025 e 10.09.2025.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da actas dos plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de data 27.11.2025 e aos extraordinarios de datas 19.06.2025 e 10.09.2025, resultando aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes.



**2. ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA. Nº EXPEDIENTE 2025/C004/000002**

Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.01.2026, que di:

**“PROPOSTA AO PLENO**

**Asunto: ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CEDEIRA**

**Nº Expediente: 2025/C004/000002**

Mediante o acordo plenario de data 30 de xullo de 2025 foi aprobado o expediente e o Pregro de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato denominado “Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Cedeira”, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 04.08.2025 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e con data 05.08.2025 foi publicada no Diario Oficial da Unión Europea.

No prazo de presentación de ofertas recibíuse unicamente a seguinte:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	HALLKUSS CORPORATION S.L.	09/09/2025 15:01 h

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 30 de setembro, 3 de outubro, 6 de novembro de 2025 e 13 de xaneiro de 2026 valorou a oferta da seguinte maneira:

- 1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen a proposición do único licitador presentado. Unha vez revisada a documentación presentada, a Mesa acorda admitir a esta empresa.
- 2.- A documentación puntuable mediante xuízos de valor foi valorada polo equipo técnico co seguinte resultado:

ASPECTO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	PUNTUACIÓN OFERTA A VALORAR
<b>PLANIFICACIÓN DE LA EXPLOTACIÓN DE LOS SERVICIOS PRESENTADOS</b>		
Plan de organización de los Servicios: equipos, horarios, rutas, itinerarios, frecuencias y condiciones de trabajo	10	8,0
Justificación del dimensionamento y adaptación del sistema propuesto a las características del ayuntamiento	10	8,5
<b>MEDIOS HUMANOS</b>		



Personal proposto, adaptado a las prestaciones propostas en la planificación del servicio	10	8,5
<b>MAQUINARIA PRINCIPAL, MATERIAL MÓVIL Y MEDIOS AUXILIARES OFERTADOS</b>		
Características técnicas de la maquinaria: PMA, carga útil, nivel de emisión acústica, maniobrabilidad, nº unidades, antigüedad, vida útil propuesta	2,5	2,0
Características de los contenedores: material, tipo, volumen	2,5	2,0
Mayor adaptación de los medios propuestos y su adecuación a los trabajos a realizar y a las características del ayuntamiento	2	1,8
Innovaciones tecnológicas y medioambientales que se incorporen para la ejecución del servicio	1,5	1,0
Propuesta de mantenimiento y reposición	1,5	1,15
<b>PROGRAMA DE CONCIENCIACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL</b>		
Cuantificación de los recursos	3	1,75
Calidad y contenido del programa	2	2
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>36,7</b>

3.- Da apertura dos criterios avaliábeis automaticamente despréndese o seguinte detalle:

- Custo do prezo ou prestación económica anual: 752.248,96 € e 75.224,90 € en concepto de IVE (total IVE incl.: 827.473,86 €)
- Aumento do % de renovación do parque de contedores das fraccións resto, envases lixeiros, papel-cartón e vidro: 50%
- Aumento do núm. xornadas anuais para o servizo de recollida dos residuos xerados en festas e eventos: 20 xornadas

4.- Unha vez realizada a valoración da oferta económica presentada de acordo aos criterios do PCAP obtéñese a seguinte puntuación:

NIF: B82485855 HALLKUSS CORPORATION, S.L.:

- Valoración custo do prezo ou prestación económica anual: 44,81 puntos
- Valoración aumento porcentaxe de renovación do parque de contedores: 8,00 puntos
- Aumento do número de xornada anuais 2,00 puntos

**PUNTUACIÓN TOTAL: 54,81 puntos**

5.- A Mesa conclúe que a valoración da oferta presentada por HALLKUSS CORPORATION, S.L. é conforme.



6.- A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incursa en prohibicións para contratar.

7.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requirit, mediante comunicación electrónica, ao licitador HALLKUSS CORPORATION, S.L. para que presente no prazo de 10 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, a documentación que proceda segundo as cláusulas 26 e 27 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Cedeira” a favor do licitador HALLKUSS CORPORATION, S.L.:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	HALLKUSS CORPORATION, S.L. CIF B82485855
Importe anual:	752.248,96 € + 75.224,90 € (IVE) TOTAL: 827.473,86 €
Aumento do % de renovación do parque de contedores das fraccións resto, envases lixeiros, papel-cartón e vidro	50 %
Aumento do núm. xornadas anuais para o servizo de recollida dos residuos xerados en festas e eventos	20 xornadas
Prazo de execución:	10 anos

Con data 21.11.2025 a empresa proposta presentou a documentación requirida a través da Plataforma de Contratos do Sector Público; así como a xustificación da constitución da garantía definitiva mediante o aval núm. 0049 5637 59 2110000597 de data 21.11.2025 do Banco Santander, S.A. polo importe de 37.612,45 €.

Unha vez revisada esta documentación pola Mesa de contratación, na súa reunión de data 13.01.2026, resulta correcta.

Con data 19.01.2026 emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño ao Pleno da corporación** a adopción do seguinte acordo:

**1.-** Adxudicar o contrato de obra denominado “Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Cedeira” a favor do seguinte licitador:

Licitador:	HALLKUSS CORPORATION,
------------	-----------------------



	S.L. CIF B82485855
Importe anual:	752.248,96 € + 75.224,90 € (IVE) TOTAL: 827.473,86 €
Aumento do % de renovación do parque de contedores das fraccións resto, envases lixeiros, papel-cartón e vidro	50 %
Aumento do núm. xornadas anuais para o servizo de recollida dos residuos xerados en festas e eventos	20 xornadas
Prazo de execución:	10 anos

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a HALLKUSS CORPORATION, S.L., adxudicataria do servizo denominado “Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Cedeira” o presente acordo. O contrato formalizarase unha vez transcorrido o prazo de quince (15) días hábiles desde a remisión da notificación da adxudicación, e previa notificación do órgano de contratación para formalizar o contrato no prazo de 5 días.

4.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

5.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PsdeG-PSOE (2) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: HALLKUSS xa estivo co señor Moreda cun servizo público como é a recollida de basuras... son anos, anos, anos onde se produciu unha finalización dun contrato de basuras, moi deficiente nos últimos anos na xestión desa empresa; con camións rotos, contedores rotos, sen tapas, sen unha recollida eficiente, sen lavados... que conduciron a unhas críticas negativas por parte da inmensa maioría dos veciños de Cedeira. Unha empresa adxudicataria que puxo en grave risco a seguridade física e psíquica dos seus propios traballadores. Unha empresa adxudicataria pioneira na colocación en postos de traballo de dous ex concelleiros do PSOE, o último, cuns requisitos que se pedían, e segundo os traballadores da propia empresa, non ten. Din que non ten 3 anos de experiencia e non ten carné C nin CAP. De todos modos, dámoslle a este veciño de Ortigueira a benvida a Cedeira e preguntámonos: en Cedeira non se atopan este tipo de traballadores ou o único requisito é ser un ex concelleiro do PSOE? Ou non existe ningunha muller para dito posto? Ante a dinámica vista nestes últimos anos pola citada empresa en Cedeira, nós non cremos que sexa a adecuada para a prestación de dito servizo, salvo que se produza un cambio radical nas distintas actuacións da mesma. Neste sentido, o voto neste punto noso será a abstención.

O Sr. Alcalde di: Bueno, a ver, está claro que o contrato que tínhamos era un contrato que estaba moi obsoleto, que tiña carencias, si que é verdade que non vamos a poñer en dúbida ningunha que os camións presentan moitas deficiencias, que hai contedores que están en mal estado, e que era precisa a



renovación, non? Iso tamén nos pasou porque ao final foi un contrato de moitísimos anos, e este contrato de moitísimos anos o problema que ten é precisamente as características que tiña ese contrato: de non renovación de contedores, de non renovación de maquinaria, pois nos levou a ter todo isto. Creo que estes pregos, en 10 anos o que van a conseguir precisamente é que os camións dentro de 10 anos sigan sendo novos, que os contedores sexan os de carga lateral e todo iso, que levan un tipo de mantemento diferente, co cal bueno, pois son pregos que corrixen bastante -os pregos que aprobamos entre todos- e corrixen bastante á empresa, non? Digamos que agora á empresa adjudicataria, agora a empresa o que se ten que poñer é a traballar e a cumprir os pregos relixiosamente, senón o Concello pois tomará as medidas oportunas, non?

Con respecto do persoal, a empresa contrata a quen quere. Eu si que sei que había un chaval de Cedeira, que estivo na empresa como encargado, que tiña o carné de camiión -non sei os requisitos que piden para ser empregado na empresa- é unha empresa privada, pero sei que o chaval durou 3 días, que aos 3 días que se foi e iso é o coñecemento que nosoutros temos. Nosoutros o que queremos é que a empresa teña persoal, porque si non ten persoal e que sexa, se pode ser, todo de Cedeira, estaríamos contentísimos. E senón, que sexa pois de Cerdido, de Valdoviño, de Ortigueira ou de calquera outro sitio porque o importante é que poidan cubrir o servizo que é o que máis nos importa a todos e a todas. E non teño nada máis que aportar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

### **3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 29/2026 DE DATA 20.01.2026 DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2026”**

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 29/2026 de data 20 de xaneiro, que dí:

#### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2026”**

A aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2026” da Deputación Provincial da Coruña, foi publicada no BOP núm. 31 de 2 de decembro de 2025.

Consta na plataforma telemática SUBTEL a Circular de decembro de 2025 do Servicio de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección Servizos Sociais, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, cunha achega total a este concello de 77.633,41 €.

Mediante a Resolución de Alcaldía 17/2026 de 14 de xaneiro solicitouse a participación no POS+ADIC 1/2026.

Con data 19.01.2026 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial referido a un erro matemático na distribución de importes de gastos sociais extraordinarios 2026, polo que cómpre redactar de novo a resolución de alcaldía de solicitude de participación no POS+ADIC 1/2026, en substitución da anterior.



Unha vez vista a documentación que se cita, **RESOLVO:**

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2026**

77633,41 €

Dato notificado que figura no seu expediente

*(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)*

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2026</b>	<b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>	<b>IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL</b>	<b>OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	865.574,75	296.055,01	569.519,74	77.633,41	491.886,33
Investimentos: Tipoloxía i			0,00		0,00
Investimentos: Tipoloxía j			0,00		0,00
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b>	<b>865.574,75</b>	<b>296.055,01</b>	<b>569.519,74</b>	<b>77.633,41</b>	<b>491.886,33</b>

<b>IMPORTES SOLICITADOS</b>	
I. Importe solicitado para gastos correntes	<b>77.633,41 €</b>
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	<b>0,00 €</b>
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)</b>	<b>77.633,41 €</b>

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”



A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Home, nós alegrámonos, neste POS 2026, de que polo menos non se destrúa unha nova fonte pública, pero o que si botamos de menos é que nós consideramos que existen determinadas obras prioritarias que debería acometer o Concello de Cedeira. Obras prioritarias e urxentes. Neste paquete de medidas vemos que non aparece por ningún lado a renovación do pavimento da Vila vella.

O Sr. Alcalde di: María? Algunha intervención máis? Bueno, con respecto ao tema das obras, está claro que temos moitísimas obras que son sempre prioridade, todas as obras son prioridade, iso témolo claro. E incluso sabemos que o casco vello é unha prioridade. No casco vello non podemos saber o importe exacto da obra que se vai a facer mentres... primeiro, ten que parar de chover para que se poidan facer os estudos pertinentes, máis o traballo provisional que íamos a facer. Necesitamos 10 días secos para facer os traballos para arranxar o que hai e, despois, mentres se van facendo eses traballos, se fai o estudo que determinará o proxecto que haxa que executar e, a partir de aí, hai que elaborar o crédito. É dicir, sería impensable facer un proxecto sen ter os estudos previos antes.

O Sr. Cribeiro García di: Señor Moreda, mira que leva vostede 10 anos nesta Alcaldía e houbo días de sol... en 10 anos.

O Sr. Alcalde di: Bueno, estamos falando de que aquí explicouse o proxecto do casco vello, perdón, explicouse a problemática do casco vello que había, falouse cos veciños, houbo varias intervencións por parte de vostede noutros Plenos, explicouse cal era o procedemento que estabamos agora a facer e agora mesmo necesitamos 10 días para poder traballar. Non lle pode dicir outra cousa. Votamos?

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

#### **4. MOCIÓN DO BNG DE REXEITAMENTO Á MODIFICACIÓN DA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALIZA PROMOVIDA POLA XUNTA**

Vista a moción presentada pola voceira do grupo municipal do BNG en data 21.01.2026, que dí:

“Dona María Xosé Pernas Díaz portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Cedeira, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, posterior aprobación, a seguinte **MOCIÓN**.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O próximo mes de maio de 2026 vanse cumprir dez anos da aprobación da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, que naceu coa pretensión de ser a base normativa fundamental na que se recollese o compromiso de Galiza co seu basto patrimonio cultural e histórico.

No entanto, o texto legal xa viu a luz dunha forma precaria e, cando menos, mellorábel, xa que a lei desvirtuaba a lei precedente, tal e como argumentou o BNG na fase de tramitación parlamentaria: o PP propoñía unha nova lei que desgaleguizaba a lexislación galega, desprotexía o patrimonio cultural e representaba unha política de defunción do noso patrimonio cultural.



A lei de patrimonio foi modificada varias veces e na enésima modificación, a través da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2026 preténdese unha “reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural”.

Na práctica, dez anos despois, lonxe de ampliar as competencias e operatividade efectiva por parte da Xunta, o PP foi baleirando a Lei de patrimonio cultural de contido, de capacidade executiva e operativa ao mesmo tempo.

Unha das consecuencias desta nova modificación é unha delegación masiva de competencias nos concellos nos ámbitos protexidos do patrimonio cultural, volvendo sobrecargar co peso de máis competencias impropias, a responsabilidade e a xestión nas administracións locais, que, por outra parte, non teñen capacidade, medios, persoal especializado (arquitectos, arqueólogas...) nin recursos económicos para informar nin actuar no ámbito do patrimonio cultural. Isto terá como consecuencia que haxa unha total disparidade de criterios na aplicación da norma nos diferentes concellos de Galiza e a consecuente desprotección do patrimonio de todas as galegas e galegos.

A delegación, como establecía inicialmente a lei, é exclusiva para concellos que cumpran cunha serie de condicións, sobre todo en canto ao persoal técnico suficiente en número e capacitación, mais a Xunta obvia este tema maior e obvia eses requisitos.

Máis unha vez, os concellos cargarán co peso orzamentario de persoal de asumir unhas competencias que lle son impropias e quen se verá afectado será o noso patrimonio e, por extensión, o conxunto da cidadanía.

O proceso de descrédito e baleirado da Lei de patrimonio cultural a través da renuncia do goberno da Xunta a xestionar as competencias exclusivas que lle son propias dá agora un novo paso adiante na desprotección do patrimonio cultural galego.

Neste contexto, no BNG consideramos que o Concello de Cedeira debe manifestar publicamente e de xeito expreso o seu rexeitamento á modificación da lei de patrimonio de Galiza, ao verse directamente afectado no conxunto do territorio galego, tendo en consideración a especial relevancia da súa riqueza patrimonial e cultural.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** no Concello de Cedeira somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

### ACORDOS

1. Solicitar á Xunta de Galiza a retirada da modificación da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza que se recolle na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2026.
2. Facultar á Alcaldía para tomar cantas medidas sexan necesarias para dar cumprimento a estes acordos.
3. Dar traslado desta moción a todas as forzas políticas representadas no Parlamento Galego.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PSdeG-PSOE (2) e do BNG (2) e dous (2) votos en contra do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao pleno a súa aprobación.”



Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Comezamos por quen presenta a Moción, María? Tes a palabra.

A Sra. Pernas Díaz di: Vaina defender Diana.

O Sr. Alcalde di: Por suposto.

A Sra. Cendán Rodríguez di: Nada, simplemente, aparte do que se denunciou, o que queremos é puntualizar que bueno, hoxe en Cedeira si que é o BNG o que presenta unha moción sobre este tema, máis durante a tramitación do proxecto de lei, o Consello da Cultura Galega realizou un informe sobre o impacto de dita Lei no Patrimonio Cultural. Á súa chamada de atención uníronse, ademais, alegacións da Federación Galega de Municipios e Provincias, baseadas na ausencia dunha consulta previa cos concellos. E a reacción, tamén, da Plataforma Estatal de Profesionais da Arqueoloxía, que comunicou por escrito ao Ministerio de Cultura a súa preocupación ante o contido destas modificacións, poñendo foco en que a Xunta conta con persoal especializado para facer o traballo que agora lles traspasa aos concellos, que na maior parte non contan nin con arqueólogos, nin con historiadoras do arte, nin arquitectas especializadas.

O Sr. Cribeiro García di: Antes de ler a nosa resposta á modificación, á moción da modificación da Lei do Patrimonio Cultural, recentemente estiven cun Alcalde da provincia da Coruña onde me dicía que fora convocado pola Consellería de Cultura a unha reunión informativa sobre este tema. Gustaríame saber se o señor Alcalde asistiu a esta reunión.

O Sr. Alcalde di: Non.

A Sra. Cendán Rodríguez di: Asistín eu, o 23 de decembro. E convocouse o 20? Me parece.

O Sr. Alcalde di: Intentamos delegar nas Concellerías para as xuntanzas que se nos convoca. Entón, é máis interesante que vaia a Concelleira de Cultura que non o Alcalde, neste caso.

O Sr. Cribeiro García di: Con respecto a esta Moción, a Xunta de Galicia traballa cada día co foco posto nas necesidades dos concellos e dos cidadáns, realizando unha aposta decidida pola desburocratización e a axilización dos trámites administrativos, facendo que calquera cidadán que se achegue a ela poida atopar uns procedementos máis rápidos e máis sinxelos. Neste senso, un dos problemas que se viña acusando era a demora nos procedementos relativos ás autorizacións do Patrimonio. Algo que se debe a que a Xunta de Galicia asumía a tramitación de máis de 30.000 expedientes por ano, que levaban a unha espera de entre 6 e 12 meses de procedemento. Por iso, o Goberno galego impulsou unha modificación da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, dando resposta a unha demanda histórica da Administración Local e así suprímese a necesidade de autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en determinadas actuacións. Por exemplo: as renovacións de canalóns baixantes, liñas de vida, paraneves e outros elementos complementarios de cubertas, que se mantén a solución formal e construtiva existente. E, noutros casos, non tería que informar nin á Xunta nin aos Concellos, o que permitirá unha mellora da xestión e a redución do tempo de espera dos trámites, xa que ata o día de hoxe a Xunta era a única institución autonómica que informaba sobre os bens con diferentes grados de protección en todo o territorio galego. A reforma está formulada en tres eixos:

1. A supresión da necesidade de autorización previa por parte da Consellería de Cultura nas intervencións en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, pasándose aos concellos a que poidan autorizar a súa intervención
2. Clarificación e homoxeneización dos criterios dos Camiños de Santiago catalogados e a súa contorna protexida, suprimindo a necesidade de autorización por parte da Consellería pasando a ser valoradas polos concellos. As actuacións en municipios de máis de 50.000 habitantes nos que o trazado pase por



superficie urbana, xa que se fará no marco do desenvolvemento municipal e as intervencións que non afecten ao trazado, aos bens estruturais ou ás parcelas colindantes.

3. A avaliación dos trámites para as tarefas forestais, deixando de precisar a autorización para tarefas de silvicultura e substituíndo o permiso da Consellería por unha declaración responsable nas cortas de arborado cando afecten só a bens con protección estrutural ou ambiental. No caso de territorio histórico do Camiño, elementos BIC ou de protección integral, continuará sendo necesaria a autorización da Consellería.

Con estes cambios a Xunta trata de adaptar, axilizar e desburocratizar os procedementos, garantindo unha protección máis eficaz e coherente do noso patrimonio.

As mentiras da oposición: din que a Lei foi modificada sen debate nin participación social. É falso. A Xunta de Galicia presentou ante todos os alcaldes, concelleiros e técnicos de Galicia estas modificacións, con reunións en todas as provincias. Máis adiante, as modificacións foron debatidas no Parlamento de Galicia e, finalmente, aprobadas.

O silencio administrativo positivo deixa os bens culturais nunha situación de vulnerabilidade. Iso é falso. O Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro e 1431, parágrafo segundo, da Lei do solo de Galicia establece: en ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan á ordenación territorial ou urbanística, o que implica que non se poderán obter por silencio administrativo licenzas que vulneren o establecido na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Din que os cambios supoñen riscos evidentes para a conservación do Patrimonio Histórico. Iso é falso. As modificacións da Lei non supoñen ningunha redución das normas de protección, seguen sendo as mesmas. Aínda así, os concellos non poden ser considerados como entidades incapaces ou menores, tamén traballan pola protección do Patrimonio.

Din que a modificación supón unha transferencia de funcións decisorias aos concellos. Iso é falso, non se pode entender como unha atribución de novas competencias aos concellos, posto que xa viñan emitindo licenzas urbanísticas nas intervencións sobre os inmobles catalogados de acordo coa Lei do solo.

As administracións desprotexen o Patrimonio. Outra afirmación totalmente falsa. Todas as administracións teñen a obriga de velar pola protección do Patrimonio, esta tarefa debe ser conscientemente asumida por todos.

Din que as modificacións poñen en risco a protección dos Camiños de Santiago, afirmación totalmente falsa. Suprímese a necesidade de adaptación do planeamento municipal ás previsións do Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago, para que os concellos estean habilitados para utilizar as intervencións que se realicen no seu ámbito e de xeito concreto introdúcese unha listaxe de usos, actividades e intervencións compatibles coa protección dos camiños.

O Sr. Alcalde di: Diana, se queres rebater algo?

A Sra. Cendán Rodríguez di: Só quero rematar dicindo que a Plataforma de Profesionais de Arqueoloxía solicitou que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Belas Artes, do Ministerio de Cultura, inicie un procedemento de espolio por omisión contra o Goberno galego pola modificación da Lei de Patrimonio Cultural, feito dun xeito exprés, sen un debate propio, por estar incluído entre un montón de modificacións na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña aos Orzamentos do 2026. Ou sexa, así pola porta de atrás.

O Sr. Alcalde di: Bueno, dende o PSdG de Cedeira estamos de acordo con esta Moción. Non imos a entrar agora no que estivéchedes falando, pero está claro que a defensa por parte do Partido Popular, o papel o aguanta todo. O que estamos a ver é outra competencia impropia que nos cae aos concellos, onde xa temos diferentes delas que nos están supoñendo investimentos que non tiñamos que facer.

Este ano, temos a subida do canon de SOGAMA, sabemos todos que o 21% do noso Orzamento é do SAF, e é un investimento, como dixen antes e, sobre todo, un investimento que bueno sabemos que este ano a Xunta dos 12 euros que nos paga por hora, nos vai pasar a 16, o ano que ven a 17, e o ano seguinte, a 18, pero estase pagando sobre 23, custe de 23, 24, 25, 26, dependendo un pouco das baixas que un teña.



Está claro que está recoñecendo, con esta subida, que non o está facendo ben. Eu sempre digo, non? que si a Xunta di que é o Goberno central o que lle debe diñeiro para pagar ao SAF, que denuncie ao Goberno central, que o ten que facer a Xunta de Galicia. E así tamén temos os gastos do colexio, non? Quen se pode imaxinar que nós teñamos competencias nun colexio onde teñamos que levar un mantemento, pagar o traballador que temos alí, pagar as limpadoras, pagar a luz, pagar a calefacción, pagar todo o mantemento o que supón uns 160.000 € ao ano que é diñeiro que non temos nin para Turismo nin para Cultura. E agora nos cargan co tema do Patrimonio, é dicir, dentro de pouco nos cargarán o de Costas. Que queren que os concellos teñamos competencias en Patrimonio e todo iso? Moi ben, que a Xunta nos de diñeiro para poder contratar aos técnicos necesarios porque xa estamos cargados de traballo nos concellos e sabemos como a taxa de reposición, que houbo durante moitísimos anos que foi cero, co cal os concellos foron perdendo persoal e agora mesmo aquí se nos encontramos con que os nosos técnicos teñan que tamén elaborar agora estes informes de Patrimonio... xa é cómico, non? Por iso que, que nos dean diñeiro, que nos dean máis recursos que o Fondo de Cooperación Local o aumenten e nós encantados. Todo sempre e cando a Lei sexa una Lei boa e satisfactoria para todas e para todos. Nada máis. Votamos, entón?

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

## **5. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA CENTRO DE SAÚDE NA RÚA RÍO DA VEIGA (MP2PXOU). EXPEDIENTE: 2023/U038/000002**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2026, que di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA CENTRO DE SAÚDE NA RÚA RÍO DA VEIGA (MP2PXOU)**

**Expediente: 2023/U038/000002**

Cedeira require dotarse dun Centro de Saúde acorde coas súas necesidades, en substitución do existente que non pode ser ampliado, nos termos e necesidades expostos polo Servizo Galego de Saúde.

Tal e como consta no expediente 2023/C002/000087 resulta necesaria a modificación puntual do plan xeral para a obtención dunha parcela para centro de saúde. A tal efecto contratouse á empresa Monteoliva Arquitectura S.L.P. o servizo de redacción dos documentos necesarios para tal fin.

Mediante Providencia de Alcaldía de data 27.02.2024 iniciouse expediente para a tramitación da Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral Municipal de Ordenación.

A modificación foi obxecto de aprobación inicial polo Pleno da Corporación, mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria realizada en data 19.06.2025, someténdose a información pública mediante anuncio publicado no DOG núm. 177 do 15.09.2025 e nun dos xornais de maior difusión da provincia, publicado en data 18.07.2025, e solicitándose os informes autonómicos e sectoriais necesarios.

Na tramitación autonómica e sectorial, constan incorporados ao expediente os informes recibidos.



Durante o período de información pública consta a presentación dunha alegación (Rex. entrada 3007/09/2025). Consta igualmente no expediente o informe/proposta de resposta á alegación emitido polo equipo redactor, en sentido desestimatorio, asinado dixitalmente en data 21.01.2026.

Consta escrito de manifestacións por parte de UFD Distribución Electricidad, S.A., que non se considera alegación como tal.

A vista do anterior o redactor achegou o documento técnico da MP2PXOU para Aprobación Provisional – Monteoliva Arquitectura S.L.P., xaneiro 2026.

En data 26.01.2026 emitíuse informe técnico polo Arquitecto municipal en sentido favorable á aprobación provisional da Modificación Puntual nº 2, considerando a proposta adecuada para a obtención dos terreos destinados ao novo centro de saúde e para a mellora da funcionalidade do ámbito e resulta conforme cos principios dun desenvolvemento urbanístico sostible e ordenado.

En data 29.01.2026 emitíuse informe xurídico pola Secretaría municipal sobre lexislación e procedemento, e en data 29.01.2026 emitíuse informe pola Intervención municipal.

Visto canto antecede, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Desestimar a alegación presentada con número Rexistro de entrada 3007/09/2025, visto o informe/proposta de resposta á alegación emitido polo equipo redactor, asinado dixitalmente o 21.01.2026, polos motivos contidos no dito informe, que se incorpora por referencia.

Dispoñer a notificación individual da resolución da alegación ás persoas interesadas, xunto con copia do informe de resposta a alegación, deixando constancia no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (expediente 2023/U038/000002), de conformidade co artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**TERCEIRO.-** Con carácter previo á remisión do expediente á Consellería para aprobación definitiva, deberá incorporarse ao expediente a documentación complementaria necesaria (versión en castelán das memorias) e completarse coa a solicitude/obtención do informe de Costas previsto nos artigos 112.a) e 117.2 da Lei 22/1988, de Costas.

**CUARTO.-** Obtido o anterior, dilixenciarase o expediente completo e a súa remisión á consellaría competente en materia de urbanismo para a aprobación definitiva, conforme ao artigo 60.13 LSG.

**QUINTO.-** Facultar á Alcaldía para a sinatura de cantos oficios e actuacións de trámite sexan precisos para executar o presente acordo.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: A nosoutros gustaríanos saber se existiu ou existen algún tipo de reunións e a realización de entrevistas cos propietarios afectados.

O Sr. Alcalde di: Si, houbo. Puxémonos en contacto con todos os propietarios afectados e puxémoslles un día aquí no Concello para poder asistir á xuntanza e só participou unha propietaria.

Bueno, como vedes despois de facer esta aprobación provisional, na Proposta da Alcaldía xa di no parágrafo... no acordo, no terceiro, xa di que despois temos que remitir isto a Costas, vale? Costas ten



dous meses para facer un informe, aínda que xa nos fixeron un preinforme digamos, para poder facer esta avogación inicial, provisional. No momento no que se teña esta aprobación xa feita, xa digamos este informe de Costas, temos que remitirillo á Xunta de Galicia e teñen 4 meses para facer a aprobación definitiva, vale? A partir da aprobación definitiva, no momento que se fai a aprobación definitiva, xa é digamos cando digamos quedan os terreos de tal forma que xa nós cos terreos comprados que temos, máis os que temos do Concello, podemos facer segregacións e agrupacións conforme esa modificación puntual para poder xa, cederlle á Xunta de Galicia os terreos. Bueno, a parte urbanística, non sei se me expliquei ben.

O Sr. Cribeiro García di: E vaise a producir a compra destes terreos?

O Sr. Alcalde di: Xa están comprados.

A Sra. Iglesias Bereijo di: E vaise abrir rúa?

O Sr. Alcalde di: Si.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Ata onde?

O Sr. Alcalde di: Ábrese unha rúa dende onde están as ambulancias, desa esquina, ata onde vive Stili. Sabes onde vive Stili? Esa é a rúa que se abre.

A Sra. Iglesias Bereijo di: É que son propietaria.

O Sr. Alcalde di: Se estás na... se te afectaron ese terreos, nesa parte...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Recibir non recibín carta. E os sobriños do meu home tampouco.

O Sr. Alcalde di: Pois todos os propietarios que están afectados pola Modificación puntual remitiúselles...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Eu afectada estou porque chego ata onde ten a casa Moncho.

O Sr. Alcalde di: Pois falouse con eles e mais foi o técnico municipal o que se puxo en contacto e tivemos aquí unha xuntanza e bueno... veu unha persoa co seu neto, que estiveron falando diso, e outra persoa que ía vir e ao final non veu.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Eu netos non teño, pero estou en tempo e pola outra parte tampouco os hai.

O Sr. Alcalde di: Pero bueno, se queres calquera día vir polo Concello para que se che explique polo técnico municipal, non hai problema.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Por min non vai haber problema. O que tampouco entendo é que se son propietaria, hai veces que para acceder á miña finca hai coche, coche, coche, mais unha sinal... en fin.

O Sr. Alcalde di: Por onde? Ah, polo outro lado dis?

A Sra. Iglesias Bereijo di: A veces, para poder, a ver... se quero coller un coche e pasar para a miña finca, a rúa practicamente está aberta, hai veces que están os coches postos, quero pasar por alí e non poido. Que non me estorban, que por onde pasar teño, pero...



O Sr. Alcalde di: Pero é que non sei onde dis, onde está a casa de Stili?

